



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Venda directa de produtos primarios polas persoas produtoras á persoa consumidora final, emprazadas nas instalacións do Mercado Municipal. Apertura do prazo para a presentación de solicitudes por parte das interesadas

ANUNCIO

Incoación do expediente de autorización de venda directa de produtos primarios polas persoas produtoras á persoa consumidora final, emprazadas nas instalacións do Mercado Municipal. Apertura do prazo para a presentación de solicitudes por parte das interesadas.

Expediente: 2021/X999/000395

Por Decreto de Alcaldía nº 528/2021 de data 02/09/2021, resolveuse a “Incoación do expediente de autorización de venda directa de produtos primarios polas persoas produtoras á persoa consumidora final, emprazadas nas instalacións do Mercado Municipal. Apertura do prazo para a presentación de solicitudes por parte das interesadas.”, cuxo contido se transcribe no seu literal:

“DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Tendo en conta o inicio da actividade nas instalacións do Mercado Municipal de Pontedeume.

Logo de ver o contido do artigo 29 do Regulamento do mercado Municipal de Pontedeume (Modificación nº 1. BOP nº 103 de 03.06.2021.), relativo a “Venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora final ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal.”

Tendo en conta a “Ordenanza fiscal número 10, reguladora da taxa de ocupación de postos no Mercado Municipal de Pontedeume”. BOP nº 9 de 15.01.2020.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
RESOLVO:

PRIMEIRO.– A incoación do procedemento de autorización de “Venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora final ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal.” para os postos relacionados no Anexo II do “Regulamento do mercado Municipal de Pontedeume” (Modificación nº 1. BOP nº 103 de 03.06.2021.)

SEGUNDO.– A apertura do prazo para a presentación de solicitudes por parte das interesadas, dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do contido da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

A asignación de postos farase en función da rigurosa orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, conforme ao establecido na cláusula 29 do “Regulamento do mercado Municipal de Pontedeume” (Modificación nº 1. BOP nº 103 de 03.06.2021.)

TERCEIRO.– As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Municipal do Concello (Rúa Real nº 13) ou preferentemente no Rexistro da Sede Electrónica Municipal (<https://sede.pontedeume.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>), ou en calquera das formas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas conforme ao “Modelo de solicitude de autorización de venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora final ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal.”, que estará a disposición das interesadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.pontedeume.gal/opencms/gl/informacion/>), xunto coa documentación nela relacionada, conforme ao seguinte:

“SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A VENDA DIRECTA DE PRODUTOS PRIMARIOS POLAS PERSOAS PRODUTORAS Á PERSOA CONSUMIDORA FINAL EMPRAZADAS NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL.

Expediente: 2021/X999/000395

Nome e Apelidos:

DNI:

Enderezo a efectos de notificación:

Tipo de Notificación (marcar cun X): _____ Postal/ _____ Telemática

Teléfono:

Correo electrónico aos efectos de notificación.

Matrícula vehículo:

Datos da persoa Representante (no seu caso):

Nome e Apelidos:

DNI:

Enderezo a efectos de notificación:

Tipo de Notificación (marcar cun X): _____ Postal/ _____ Telemática

Teléfono:

Correo electrónico aos efectos de notificación.

Descrición da actividade:

Espazo solicitado (Anexo II do Regulamento: Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume. BOP nº 103 de 06.06.2021).

(no caso de solicitar máis de un, débense relacionar por orde de preferencia)

Días nos que realizará a actividade:

Documentación achegada coa solicitude:

1. Documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos para poder realizar a venda directa de produtos primarios
 - Inscripción no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) e na sección creada ao efecto (SEVEDI).
 - Inscripción no Rexistro Galego Sanitario de empresas e establecementos alimentarios, se procede.
2. Delaración responsable (Anexo III do Regulamento)
3. Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume.

No seu caso, sinalar cun X:

_____ Autorizo ao Concello de Pontedeume á obtención da información relativa a estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume, para a tramitación do presente expediente.

4. Xustificante de abono da taxa correspondente. (semestral)

(Ordenanza fiscal número 10 (BOP nº 9 de 15.01.2021)

Lugar e data da sinatura

Asinante: _____ ”

CUARTO.- Publicar o contido da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos de Comercio, Tesourería e Intervención Municipais., tendo en conta os efectos do presente acto administrativo.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

O que se publica aos efectos de publico coñecemento e en cumprimento do contido da dita resolución.

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 2 de setembro de 2021.

2021/6769